

MANUEL
MANQUIÑA ÁNGELA
ANDRADA

ABISMO CARACOL
PRESENTA

TODO NUMUNHA NOITE

ESCRITA POR
MANUEL MANQUIÑA

DIRIXIDA POR
DARÍO AUTRÁN

O MUNDO É UNHA
CONTRADICIÓN

ABISMO CARACOL

alga

AGADIC

Agencia Galega de
Industria Cultural

DISEÑO 2021 © JEAN PIERRE LLANOS GARCIA



SINOPSE

Un salón. Dúas persoas. Unha actriz. Un director. Moito alcohol. Deus. O díaño. Unha proposta... Todo Nunha Noite é a nova montaxe teatral de Abismo Caracol dirixida por Darío Austrán (Salamandra, Relatos Negros, El cuarto de Mona) escrita por Manuel Manquña e interpretada por el mesmo e Ángela Andrada. Sesenta minutos de risas, emoción e reflexión sobre a sociedade e as súas contradicións.



Darío Austrán - Director

Inicia a súa carreira cinematográfica e teatral aos dezanove anos escribindo e protagonizando Orxo, unha longametraxe para televisión rodada en Galicia xunto aos actores César Goldi, Uxía Morán e outros onde un pobo mariño é ameazado por terroristas enmascarados. Ao finalizar este proxecto roda como director, guionista e actor a súa primeira película Tilda&Jean xunto a Carlos Blanco, Alba Messa e Ariadna Santana onde un escritor idealiza a unha muller chamada Tilda ata tal punto de non saber o que é real ou parte do seu proceso creativo. Esta película obtén numerosos nomeamentos a mellor película nos festivais Cinema de Autor Internacional de Lugo, Cinelow I Director Emergents e nos Premios Mestre Mateo 2013. Tras isto inicia a súa Triloxía dos Atisbos composta por tres curtametraxes: Niños de Luz, Efectos de Maio e Leccións da Néboa. É nomeado en varios festivais internacionais e comeza a desenvolver traballos como guionista na televisión de Galicia á vez que funda a súa produtora teatral e audiovisual Abismo Caracol coa que produce, escribe e dirixe a longametraxe O Cuarto de Mona con Sabela Hermida, Melania Cruz, Manuel Manquña e máis de vinte e cinco actores profesionais e a peza audiovisual Pintega. En Teatro desde o 2009 dirixe, escribe e actúa nas obras O Lugar, Malvís e fogo, Relatos Negros, Entelequias facendo xiras a nivel galego e nacional.

Manuel Manquña - Actor

Comezou a súa carreira en programas humorísticos da Televisión de Galicia e en varias películas dirixidas por directores galegos como Antonio Blanco e Xavier Villaverde. Saltou á fama polo seu papel na película de 1997 de Juanma Baixo Ulloa "Airbag", que lle valeu un nomeamento ao premio Goya ao mellor actor revelación. Posteriormente apareceu no éxito de despacho de billetes Torrente, "o brazo parvo da lei". Con máis de 30 películas no seu currículo, o vigués Manuel Manquña interveu nalgúns dos títulos máis destacados do cinema español dos últimos anos, actividade que compaxinou coa interpretación e a dirección teatral (Heroes, Historias de Peto, escritas tamén polo actor) e a televisión (Moncloa dígame?, Manolito Gafotas, Manolo e Benito Corporeision...). Ademais protagonizou monólogos de humor e participou e cantou en xiras de Sinistro Total e o programa infantil Xabarán Club. Coa compañía Abismo Caracol fixo a obra Relatos Negros cunha exitosa xira por toda Galicia.

Ángela Andrada - Actriz

Ángela Andrada foi elixida para este papel entre máis de 90 actrices galegas pola súa versatilidade e calidade actoral. É unha actriz nada en A Coruña. A través da danza, que practicaba na súa adolescencia, comezou a achegarse á interpretación, na que leva anos formándose. Iniciouse cunha pequena aparición na serie da TVG, "Viradeira". Logo de participar en varias curtametraxes como, "En branco", ou "Cinco minutos", combinou a súa faceta de intérprete coa de directora e guionista en "Hai vida en Bran?", webserie que recibiu o premio ao mellor proxecto no Festival Carballo Interplay e foi nomeada a mellor webserie nos premios Mestre Mateo.



FICHA ARTÍSTICA

Director e produtor Darío Autrán

Autor Manuel Manquiña

Diseño de iluminación Is Torrado

Axte de iluminación Sara García

Producción Abismo Caracol

Diseño cartaz Jean Pierre Llanos García

Distribución Abismo Caracol

ELENCO

Cleo Ángela Andrada

Víctor Manuel Manquiña

DATOS TÉCNICOS

Duración 60 minutos

Caché 2000 € (IVA INCLUIDO)

Adaptable a calquera espazo

Rede Agadic, Rede Cultura no Camiño 2021/2022

ABISMO CARACOL

622193119

abismocaracoldistribucion@gmail.com

